Traballo tutelado	Traballos cuxo contido e prazo resulta dun acordo entre alumnado (normalmente en equipo) e profesor, que se realizan co asesoramento e apoio deste. Nesta materia consistirán na realización dun proxecto de análise de necesidades socioeducativas dunha persoa, grupo de persoas ou unha organización. Inclúiranse aquí os traballos e proxectos ponderados formalmente cun 5%	40	B4 C1 D1 C2 D4 C4 D6 C5 D16 C12 D20
Presentación	Exposición do traballo tutelado	5	

Exame de preguntas de desenvolvemento	Proba sobre conceptos e procedementos metodolóxicos que inclúe ítems de evocación, de recoñecemento, así como tamén problemas e exercicios prácticos sobre casos e situacións.	20	A1 B4 C5 D1 A2 B5 C6 D4 A3 D11 A4 D20 A5
Resolución de problemas e/ou exercicios	A segunda parte da proba escrita incluirá un ou varios suposto/s práctico/s cuxa finalidade será deseñar un proceso diagnóstico. Para sumar é necesario unha cualificación mínima de 1,5 sobre 3 puntos nesta parte do exame.	30	A1 B3 C2 D1 A2 B4 C4 D2 A3 B5 C5 D6 A4 B6 C6 D8 A5 C12 D10 D19 D20

Other comments on the Evaluation

Na convocatoria ordinaria, para superar a materia, o alumno deberá acadar puntuación mínima de 5 puntos totais, ter realizado todas as actividades a tempo e cumprir os seguintes requisitos:

Alumnado asistente : O itinerario ordinario, é dicir, a avaliación continua, é posible para aquel alumnado que teña, como mínimo, o 80% da asistencia e unha participación activa na aula. Neste caso, para sumar todas as puntuacións é imprescindible acadar unha nota mínima na proba escrita (2,5 sobre 5) e no traballo tutelado(2 sobre 4). Se se alcanzan as puntuacións mínimas requiridas, a puntuación global de 10 puntos será a suma das notas parciais.

A proba escrita está composta por dúas partes. A primeira parte (20%)corresponde ao desenvolvemento de preguntas de comprensión e a relación entre conceptos da materia, e a segunda parte (30%) á aplicación e transferencia teórico-práctica dos distintos contidos. Para sumar ambas partes é necesario acadar unha puntuación mínima do 50% en cada unha das partes: 1 punto de 2 na primeira parte e 1,5 de 3 na segunda parte.

Alumnado non asistente: O itinerario alternativo é para aquelas persoas que, por razóns debidamente xustificadas, teñen máis dun 20% de ausencias á clase ou que, aínda cunha porcentaxe de ausencias inferior, non entregasen en tempo e forman os traballos que permiten avaliar a consecución das competencias da materia. O estudantado que se atope nesta situación será cualificado coa nota da proba escrita, o estudo de caso e o traballo supervisado. O exame será o mesmo e nas mesmas condicións que os asistentes. Os traballos deberán realizarse individualmente e a entrega dos mesmos será o día oficial da proba de exame. A cualificación dos traballos realizarase con idénticos criterios aos empregados cos alumnos asistentes.

En caso de non ter superada a materia, as competencias non adquiridas avaliaranse na convocatoria de xullo. Aquel estudantado (asistentes ou non) que suspenda, non alcance o mínimo esixido ou non teña puntuación, terá unha convocatoria extraordinaria na que poderá recuperar as seccións pendentes(proba escrita e/ou traballo) baixo a mesma cualificación condicións e a mesma proporcionalidade que na convocatoria ordinaria.

As partes da materia superadas na 1ª oportunidade non serán obxecto de avaliación na 2ª, considerándose, polo tanto, como aprobadas neste curso académico.

Os materiais obrigatorios para preparar a materia, especialmente a proba escrita, son os documentos correspondentes a cada tema xunto coa aprendizaxe das sesións teórico-prácticas.

A efectos de avaliación, un mesmo traballo non pode ser utilizado para outras materias e se este non cumpre os aspectos formais esixidos (en especial, citación incorrecta de autorías ou plaxio) será rechazado.

As datas oficiais dos exames poden consultarse na web da Facultade de Ciencias da Educación, no espazo "datas":
<http://fcce.uvigo.es/gl/docencia/exames/>

En coherencia co carácter inclusivo que caracteriza a Facultade de Educación e Traballo social, esta guía poderá ser adaptada para atender ás necesidades específicas de apoio educativo que presente o alumnado adscrito ao programa PIUNE (PAT)

Coa finalidade de favorecer a conciliación da vida laboral e a formación académica, os contidos, planificación, recursos metodolóxicos e sistema de avaliación adaptaranse para alumnado do curso ponte garantindo, en todo caso, a consecución das competencias e resultados de aprendizaxe establecidos neste documento. Abrirase un cartafol específico na plataforma Moovi na cal se informará das tarefas e probas de avaliación que guiarán o desenvolvemento desta materia para alumnado do curso ponte ou profesionais en exercicio.

Bibliografía. Fontes de información Basic Bibliography

- ANAYA, D., **Diagnóstico en Educación. Diseño y uso de instrumentos**, 1, Sanz y Torres, 2003
-
- PÉREZ-CAMPANERO, M^a. P., **Cómo detectar las necesidades de intervención socioeducativa**, 1, Narcea, 2000
-
- SOBRADO, L. e OCAMPO, C. I., **Evaluación Psicopedagógica y Orientación Educativa**, 1, Estel,
-
- GRANADOS, P. e MUDARRA, M. J., **Diagnóstico en Educación Social**, 1, Sanz y Torres, 2010
-
- Complementary Bibliography**
-
- Aguilar, M^a J. y Ander-Egg, E., **Diagnóstico Social**, 1, Lumen, 1995
-
- GUPTA, K., **Guía práctica para evaluar necesidades**, 1, Centro de Estudios Ramón Areces, 2003
-
- IGLESIAS, M^a. J., **Diagnóstico escolar. Teorías, ámbitos y técnicas**, 1, Pearson / Prentice-Hall, 2005
-
- BUISAN, C. e MARÍN, M. A., **Como realizar un diagnóstico pedagógico**, 1, Oikos-Tau, 1987
-
-

Recomendacións

Subjects that continue the syllabus

- Intervención socioeducativa para a inclusión social/O05G130V01405
- Iniciación na práctica profesional/O05G130V01601
- Investigación-acción na práctica socioeducativa/O05G130V01903
-

Subjects that it is recommended to have taken before

- Metodoloxía de investigación socioeducativa/O05G130V01104
-

Other comments

O alumnado non asistente debe comunicar á docente, durante o primeiro mes de clase, a súa intención de optar polo itinerario alternativo e concertar unha titoría personalizada.

A comunicación entre o estudiantado e a docente realizarase mediante os foros habilitados para dúbidas académicas. As cuestións persoais serán tratadas unicamente mediante o correo electrónico institucional. Non se responderá a direccións de correo persoais.

As datas oficiais dos exames poden consultarse na web da Facultade de Ciencias da Educación, no espazo "datas exames": <http://fcce.uvigo.es/gl/docencia/exames/>

Esta materia enmárcase nunha Facultade comprometida coa sustentabilidade da contorna e das persoas. Atendendo a esta filosofía, esta materia promoverá prácticas educativas en base a materiais de baixo impacto ambiental en coherencia cos principios de sustentabilidade (ODS).

Esta materia forma parte ademais do Proxecto de innovación docente da Facultade de Educación e Traballo Social.

IDENTIFYING DATA**Educación social no sistema educativo**

Subject	Educación social no sistema educativo			
Code	O05G130V01304			
Study programme	Grao en Educación Social			
Descriptors	ECTS Credits	Choose	Year	Quadmester
	6	Mandatory	2	1c
Teaching language	Galego			
Department				
Coordinator	Seoane Pérez, Emilia			
Lecturers	Martínez Román, Rosana Seoane Pérez, Emilia			
E-mail	emiliasp@uvigo.es			
Web	http://http://educacion-ou.webs.uvigo.es/educacion-ou/web			
General description	<p>Coa impartición desta materia, que consta de 6 créditos ECTS de carácter obrigatorio, a impartir en 2º curso del Grado de Educación Social, trátase de aproximar a figura do educador/a social aos centros de ensino como un profesional que pretende dar resposta a diversas necesidades de intervención socioeducativa formando persoas e cidadáns dispostos a enfrontarse ás realidades actuais. Unha realidade cada vez máis complexa, que plantexa novos problemas que precisan de profesionais que os entendan en profundidade e que, pola súa formación específica, poidan axudar a previlos e buscar solucións en colaboración con todos os membros da Comunidade Educativa e fomentando canles de transmisión que perfeccionen a comunicación conxunta entre ol centro escolar e a familia co fin de conseguir unha educación integral para o alumnado, sobre todo naqueles casos nos que as circunstancias poideran prexudicar de maneira contraproducente o progreso dos educandos. A escola ten dificultades para facerse cargo das "disfuncionalidades" que nin a familia, nin os centros educativos, nin a comunidade ou o entorno poden asumir ou cumprir.</p> <p>Nesta liña, nunha institución escolar que debe atender múltiples demandas, a figura mediadora do educador/a social pode desempeñar un importante e transcendental cometido, facilitando a integración de distintos entornos educativos, aproximando os seus respectivos proxectos formativos e as influencias pedagóxicas que proveñen de diferentes ambientes. Por outra parte, e ademais das tarefas de mediación, o seu desempeño profesional poderá proxectarse en campos máis específicos, como son a educación familiar, a atención a problemas de protección e conflito na infancia, a prevención da violencia de xénero, a transición da escola á vida activa, a coordinación dos temas transversais ou o fomento da asistencia á escola dos nenos e nenas máis desfavorecidos, evitando un absentismo que conduce frecuentemente ao fracaso escolar e social.</p>			

Resultados de Formación e Aprendizaxe

Code	
A2	Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ó seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.
A4	Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solución a un público tanto especializado coma non especializado.
A5	Que os estudantes desenvolvan aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía.
B1	Transmitir, promover e desenvolver a cultura
B2	Xerar redes sociais, contextos, procesos e recursos educativos e sociais
B4	Coñecer, analizar e investigar os contextos sociais e educativos
B5	Deseñar, implementar e avaliar programas e proxectos socioeducativos
B6	Xestionar, dirixir, coordinar e organizar institucións e recursos socioeducativos
C1	Integrar criticamente os supostos teóricos, filosóficos, históricos, sociolóxicos, psicolóxicos, pedagóxicos, culturais, políticos, lexislativos que están na base dos procesos de intervención socioeducativa
C3	Asumir e orientarse segundo valores de igualdade e de cidadanía democrática, e capacitar para a prevención e a mediación en casos de violencia nas súas diferentes manifestacións (simbólica, de xénero, laboral, escolar, sexual, étnica...)
C4	Analizar e diagnosticar a realidade complexa que fundamenta o desenvolvemento dos procesos socioeducativos
C7	Manexar con criterio métodos e estratexias de investigación cuantitativas e cualitativas, e aplicalas ás realidades socioeducativas
C8	Potenciar estruturas e procesos de participación e acción comunitaria, aplicando programas e técnicas de intervención (dinámica de grupos, motivación, negociación e promoción da asertividade...)
C9	Desenvolver programas e proxectos no contexto familiar e escolar
C10	Desenvolver programas e proxectos no ámbito da educación especializada (menores, necesidades educativas especiais, centros de saúde, condutas adictivas, institucións penitenciarias, e persoas e colectivos en risco de exclusión...)
C11	Organizar e administrar proxectos e servizos culturais, ambientais, de lecer e tempo libre

C12	Deseñar, aplicar e avaliar programas e estratexias de intervención socioeducativa no ámbito do desenvolvemento comunitario e cooperación ao desenvolvemento
C20	Asesorar na elaboración e aplicación de plans, programas, proxectos e actividades socioeducativas
D1	Capacidade de análise e síntese
D2	Planificación e organización
D3	Comunicación oral e escrita na/s lingua/s materna/s con apertura a outros códigos lingüísticos, en especial, as linguas cooficiais na comunidade galega
D5	Xestión da información
D9	Capacidade para integrarse e comunicarse con expertos doutras áreas e en distintos contextos
D16	Liderado
D18	Apertura á aprendizaxe ao longo de toda a vida
D20	Orientación á calidade

Resultados previstos na materia

Expected results from this subject	Training and Learning Results			
Asumir e orientarse segundo valores de igualdade e de cidadanía democrática, e capacitar para a prevención e a mediación en casos de violencia nas súas diferentes manifestacións (simbólica, de xénero, laboral, escolar, sexual, étnica...)	A2		C3	D9
Analizar e diagnosticar a realidade complexa que fundamenta o desenvolvemento dos procesos socioeducativos	A2	B4	C4	D1 D5
Manexar con criterio métodos e estratexias de investigación cuantitativas e cualitativas, e aplicarlas ás realidades socioeducativas.	A2	B6	C7	D2
Potenciar estruturas e procesos de participación e acción comunitaria, aplicando programas e técnicas de intervención (dinámica de grupos, motivación, negociación e promoción da asertividade...)	A4	B1	C8	D9
Desenvolver programas e proxectos no contexto familiar e escolar	A2	B1	C9	D5
Desenvolver programas e proxectos no ámbito da educación especializada (menores, necesidades educativas especiais, centros de saúde, condutas adictivas, institucións penitenciarias, e persoas e colectivos en risco de exclusión...)	A4	B6	C10 C12	D2
Organizar e administrar proxectos e servizos culturais, ambientais, de lecer e tempo libre	A2	B5	C11	D2
Asesorar na elaboración e aplicación de plans, programas, proxectos e actividades socioeducativas	A5	B5	C20	D2
Capacidade de análise e síntese	A2	B4	C4	D1
Planificación e organización	A2	B6	C20	D2
Comunicación oral e escrita na/s lingua/s materna/s con apertura a outros códigos lingüísticos, en especial, as linguas cooficiais na comunidade galega	A4	B2		D3
Xestión da información	A4	B6	C7 C11	D5
Capacidade para integrarse e comunicarse con expertos doutras áreas e en distintos contextos	A4	B4	C1 C3	D9
Compromiso ético	A2	B1	C3	D18
Liderazgo	A2		C8	D16
Apertura á aprendizaxe ao longo de toda a vida	A5	B1	C11	D18
Orientación á calidade	A5	B1	C9	D20

Contidos

Topic	
1. O sistema educativo español: normatividade educativa de ámbito estatal, autonómico e local	1.1. Estrutura do sistema educativo español. 1.2. A educación social nos currículos escolares. A súa relación coas competencias básicas e o papel do educador/a social.
2. A figura do educador na formación social	2.1. O carácter social do fenómeno educacional. 2.2. A educación social na adolescencia.
3. O/a educador/a social no sistema educativo	3.1. Xustificacións e funcións. 3.2. Experiencias da presenza de educadores/as sociais en centros escolares de distintas CC.AA. e a nivel internacional 3.3. O caso particular de Extremadura. 3.4. As canles de comunicación familia-escola e outras institucións 3.5. A intervención do educador/a social noutros países
4. A convivencia e os conflitos nos centros escolares	4.1. Maltrato escolar entre iguais: acoso ou bullying. Indicadores, tipos de acoso, protocolo de actuación. 4.2. Programas de convivencia, prevención de conflitos e mediación escolar. 4.3. Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa.

5. O absentismo escolar e as súas consecuencias	5.1. Marco legislativo e complexidade conceptual. 5.2. Causas e medidas preventivas. 5.3. Protocolo de actuación.
6. A problemática do fracaso escolar.	6.1. Concepto e causas do fracaso escolar. 6.2. Actuacións do educador/a ante o fracaso escolar dentro e fóra da escola.
7. Colaboración da escola coas distintas redes e recursos socioculturais: cara a un sistema educativo integrado.	7.1. Cooperación da institución educativa coas diferentes áreas (Educación, Benestar Social, Sanidade, Cultura, Igualdade, Seguridade, Menores, Familia, Xustiza,...) das administracións local, autonómica e estatal.

Planificación

	Class hours	Hours outside the classroom	Total hours
Lección maxistral	10	0	10
Traballo tutelado	8	40	48
Cartafol/dossier	4	20	24
Presentación	20	35	55
Exame de preguntas obxectivas	3	10	13

*The information in the planning table is for guidance only and does not take into account the heterogeneity of the students.

Metodoloxía docente

	Description
Lección maxistral	Exposición por parte das profesoras dos contidos sobre a materia obxecto de estudo, bases teóricas e/ou directrices dun traballo, exercicio ou proxecto a desenvolver polo estudante.
Traballo tutelado	A/O estudante, de maneira individual, elabora un documento sobre a temática da materia ou prepara seminarios, investigacións, memorias, ensaios, resumos de lecturas, conferencias, etc. Xeralmente trátase dunha actividade autónoma do/s estudante/s que inclúe a procura e recollida de información, lectura e manexo de bibliografía, redacción... O alumnado manterá entrevistas coas profesoras da materia para asesoramento / desenvolvemento de actividades da materia e do proceso de aprendizaxe.
Cartafol/dossier	A/O estudante, de maneira individual, elabora un documento que recompila información sobre as experiencias, temario da materia, así como traballos e tarefas elaborados individualmente ou en grupo durante o proceso de formación. O dossier será ademais un instrumento de seguimento e avaliación continua do proceso educativo.
Presentación	Presentación e exposición por parte do alumnado de traballos grupais tutelados pola/s profesora/s. O alumnado manterá entrevistas coas profesoras da materia para asesoramento/desenvolvemento de actividades da materia e do proceso de aprendizaxe.

Atención personalizada

Methodologies	Description
Traballo tutelado	Atención grupal e individual en aula e nas sesións titoriais coas profesoras no seu despacho.
Presentación	Atención grupal e individual en aula e nas sesións titoriais coas profesoras no seu despacho.
Cartafol/dossier	Atención grupal e individual en aula e nas sesións titoriais coas profesoras no seu despacho.

Avaliación

	Description	Qualification	Training and Learning Results
Traballo tutelado	Cada alumna/o realizará un traballo individual de curso, en base aos contidos da materia obxecto de estudo, tutelado pola profesora e coa posterior defensa e explicación ante a profesora nas sesións titoriais.	25	A2 B2 C1 D1 A5 B4 C4 D2 C7 D5 C9 D20 C11 C12 C20
Cartafol/dossier	Cada alumna/o, elabora un documento que recompila información sobre as experiencias, temario da materia, así como traballos e tarefas elaborados individualmente ou en grupo durante o proceso de formación. O dossier será ademais un instrumento de seguimento e avaliación continua do proceso educativo.	20	A2 B1 C1 D1 A5 B4 C3 D2 B5 C4 D3 B6 C7 D5 C10 D18 D20

Presentación	Cada grupo pequeno de alumnado (3 a 5 persoas), realizará unha presentación/exposición á clase a partires da realización dun traballo grupal de curso, en base aos contidos da materia obxecto de estudo, tutelado pola profesora.	25	A4 B5 C1 D1 B6 C7 D2 C8 D3 C9 D5 C10 D9 C20 D16 D20
Exame de preguntas obxectivas	Probas para avaliación de competencias adquiridas que inclúen preguntas pechadas con diferentes alternativas de resposta (verdadero/falso, elección múltiple, emparellamento de elementos...). O alumnado selecciona unha resposta entre un número limitado de posibilidades.	30	A2 B1 C3 D1 A5 B4 C4 D2 C7 D3 C8 D5 D20

Other comments on the Evaluation

1. As cualificacións indicadas en termos porcentuais no cadro *supra* son as máximas que se poden acadar en cada unha das probas na **MODALIDADE DE AVALIACIÓN CONTÍNUA**
2. Para acollerse á **MODALIDADE DE AVALIACIÓN CONTÍNUA** o alumnado terá unha asistencia mínima do 80% nas clases do grupo-clase e o mesmo, un 80% ás clases de grupo mediano (GM).
3. Para superar a materia na **MODALIDADE DE AVALIACIÓN CONTÍNUA** o alumnado deberá superar todas as probas referidas, obtendo unha cualificación mínima do 50% en cada unha das probas avaliadas.
4. **MODALIDADE DE AVALIACIÓN GLOBAL:** Esta modalidade de avaliación está dirixida a: ao alumnado que non cumpra o 80% da asistencia especificada no punto nº 2 ou a aquel que opte por esta modalidade, sempre e cando llo comunique á profesora na primeira quincena de impartición da materia.
5. **A MODALIDADE DE AVALIACIÓN GLOBAL** consistirá nun exame sobre a totalidade do temario da materia, de preguntas obxectivas (cunha valoración do 60%) e nun traballo individual tutelado pola profesora e definido en base aos contidos e obxectivos da materia (cunha valoración do 40%, do que o 20% corresponderase coa elaboración e entrega do mesmo e o 20% restante corresponderase coa defensa e presentación oral á profesora). Para superar a materia por esta modalidade de avaliación, o alumnado deberá superar as dúas probas referidas, obtendo unha cualificación mínima do 50% en cada unha delas.
6. **EXAMES:** As datas oficiais dos exames poden consultarse na web da Facultade no espazo "datos exames"
7. **Segunda oportunidade (xullo):** As partes da materia superadas na 1ª oportunidade, non serán obxecto de avaliación na 2ª do mesmo curso académico.
8. En coherencia co carácter inclusivo que caracteriza a Facultade de Educación e Traballo social, esta guía poderá ser adaptada para atender ás necesidades específicas de apoio educativo que presente o alumnado adscrito ao programa PIUNE (PAT).

Bibliografía. Fontes de información

Basic Bibliography

Carbonell Sebarroja, J., **Pedagogías del siglo XXI**, Octaedro, 2015

Cid, X.M. e out. (coord), **Educación Social e Escola. Unha análise da última década (2006-2016)**, Nova Escola Galega-Ceesg, 2018

Castro, M. et al. (coords.), **Educación Social e Escola.**, (2008), Nova Escola Galega / Colexio de Educadoras e Educa,

Complementary Bibliography

Castillo Carbonell, M.; Paredes Navarro, L. y Bou Blanco M., **Educación social y escuela: necesidades, contextos y experiencias**, Edit. UOC, 2016

De Oliveira, A. M. e Santos, M. A., **Educacão e tempo livre: o papel do animador sócio-cultural em contexto escolar.** En, Cid, X. M. & Peres, A. (eds.). **Educación social, animación sociocultural y desarrollo comunitario. Vol. II.**, (2007),

Eduso.net, **El educador y la educadora social en el estado español: una concreción de su trabajo en centros escolares.** **Eduso.net.**, (2004),

Galán Carretero, D., **Los educadores sociales en los centros de Educación Secundaria de Extremadura**, Revista Interuniversitaria de Pedagogía Social,

Ortega, J., **Pedagogía Social e Pedagogía Escolar: La Educación Social en la escuela.**, 2005, Revista de Educación, 336, 111-127.

Galán David e Castillo Miquel:, **"El papel de los educadores sociales en los centros de secundaria: una propuesta para el debate"**, Educación Social, 38, pp. 121-133,

Parcerisa Aran, A., **"Educación social en y con la institución escolar"**, Revista Interuniversitaria de Pedagogía Social, 2008

Quintanal Díaz,J., **Educación social en la escuela: un futuro por construir**, Edit. CSS, 2018

Recomendacións**Subjects that continue the syllabus**

Educación intercultural e para a paz/O05G130V01907

Mediación en conflitos e situacións de violencia/O05G130V01502

Other comments

Esta guía docente recolle as liñas de actuación a desenvolver co alumnado da materia, entendida con certa flexibilidade, podendo estar suxeita a algunha modificación e reaxuste puntual.

Esta materia enmárcase nunha Facultade comprometida coa sustentabilidade da contorna e das persoas. Atendendo a esta filosofía, esta materia promoverá prácticas educativas en base a materiais de baixo impacto ambiental en coherencia cos principios de sustentabilidade (ODS)

IDENTIFYING DATA**Xénero e educación social**

Subject	Xénero e educación social			
Code	O05G130V01305			
Study programme	Grao en Educación Social			
Descriptors	ECTS Credits	Choose	Year	Quadmester
	6	Mandatory	2	1c
Teaching language	Castelán Galego			
Department				
Coordinator	Lameiras Fernández, María			
Lecturers	Armada Olleros, María del Carmen Lameiras Fernández, María			
E-mail	lameiras@uvigo.es			
Web	http://http://webs.uvigo.es/pmayobre/			
General description	Desde hai unhas décadas, nos países democráticos, as nenas edúcanse desde a preescolar hasta a universidade en escolas chamadas coeducativas, querendo significar que as nenas e os nenos están na mesma aula e reciben a mesma ensino. Con todo, nese tipo de escola, as nenas non efectúan aprendizaxes significativas equivalentes aos seus compañeiros homes, porque a escola, a educación formal e non formal, segue a ser unha importante correa de transmisión da dominación masculina, do privilexio epistémico outorgado pola nosa tradición á forma de conceptualizar o mundo os varóns. O resultado é que a educación non é neutral, exerce unha socialización diferencial por sexos de acordo coa orde patriarcal e impón o modo masculino de estar e relacionarse co mundo. Por iso é necesaria unha intervención educativa encamiñada á consecución da eliminación dos obstáculos, visibles e invisibles, que impiden o desenvolvemento integral das capacidades de mulleres e homes sen restricións de xénero e que permita educar para ser igualmente diferentes			

Resultados de Formación e Aprendizaxe

Code				
A1	Que os estudantes demostren posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral e adoita atoparse a un nivel que, malia se apoiar en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo.			
A2	Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ó seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.			
A3	Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.			
A4	Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solución a un público tanto especializado coma non especializado.			
A5	Que os estudantes desenvolvan aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía.			
B1	Transmitir, promover e desenvolver a cultura			
B2	Xerar redes sociais, contextos, procesos e recursos educativos e sociais			
B3	Intervir como mediador social, cultural e educativo			
B4	Coñecer, analizar e investigar os contextos sociais e educativos			
B5	Deseñar, implementar e avaliar programas e proxectos socioeducativos			
B6	Xestionar, dirixir, coordinar e organizar institucións e recursos socioeducativos			
C8	Potenciar estruturas e procesos de participación e acción comunitaria, aplicando programas e técnicas de intervención (dinámica de grupos, motivación, negociación e promoción da asertividade...)			
C12	Deseñar, aplicar e avaliar programas e estratexias de intervención socioeducativa no ámbito do desenvolvemento comunitario e cooperación ao desenvolvemento			
D1	Capacidade de análise e síntese			
D2	Planificación e organización			
D3	Comunicación oral e escrita na/s lingua/s materna/s con apertura a outros códigos lingüísticos, en especial, as linguas cooficiais na comunidade galega			
D18	Apertura á aprendizaxe ao longo de toda a vida			

Resultados previstos na materia

Expected results from this subject	Training and Learning Results			
Sabe empregar os valores de igualdade e de cidadanía democrática característicos dunha cultura inclusiva	A2	B2	C8	D18
	A4	B6		

Ten capacidade para o diagnóstico e a mediación na prevención e resolución de conflitos en condicións de desigualdade de xénero	A3 A4	B3 B4	C12	D1
É capaz de deseñar e aplicar programas e estratexias de intervención para a prevención de diferentes tipos de violencia, particularmente da violencia simbólica, de xénero o sexual.	A2 A5	B5	C8 C12	D2
Coñecer a estrutura patriarcal da cultura occidental, deconstruír dita cultura dende a perspectiva de xénero e ser capaz de promover e transmitir unha cultura e educación non androcéntrica.	A1 A4	B1 B4		D1 D2 D3

Contidos

Topic

1.- Bases conceptuais e históricas da construción social das mulleres como o segundo sexo.

2.- Teorías Feministas y Educación

3.- A construción da femineidade e a masculinidade hexemónica: os estereotipos de xénero

4.- A cosificación e deshumanización dos corpos das mulleres: discriminación e violencia.

(*)5. Las mujeres y los derechos

5. As mulleres e os dereitos

Planificación

	Class hours	Hours outside the classroom	Total hours
Lección maxistral	20	0	20
Traballo tutelado	15	45	60
Traballo tutelado	5	20	25
Presentación	3	2	5
Actividades introdutorias	3	0	3
Exame de preguntas obxectivas	1	36	37

*The information in the planning table is for guidance only and does not take into account the heterogeneity of the students.

Metodoloxía docente

	Description
Lección maxistral	Presentación dos contidos teóricos da materia.
Traballo tutelado	Realizar un traballo GRUPAL sobre a historia do feminismo.
Traballo tutelado	Elaboración dun traballo INDIVIDUAL audiovisual sobre contidos da materia que serán presentados nos GM correspondentes de cada estudante.
Presentación	Presentación do traballo GRUPAL no gran grupo
Actividades introdutorias	Introducción da materia

Atención personalizada

Avaliación

	Description	Qualification	Training and Learning Results
Traballo tutelado	Elaboración dun traballo en GRUPO sobre a historia do feminismo nas 3 olas.	40	A1 B1 C8 D1 A2 B2 C12 D2 A3 B3 D3 A4 B4 D18 A5 B5 B6
Traballo tutelado	Elaboración dun traballo audiovisual INDIVIDUAL que será exposto nos GM da cada estudante. E actividades de aula	10	
Presentación	Presentación do traballo en GRUPO	10	
Exame de preguntas obxectivas	Probas para a avaliación das competencias adquiridas que inclúen preguntas cerradas e tamen preguntas abertas sobre o temario	40	

Other comments on the Evaluation

AVALIACIÓN CONTINUA

Alumnado que se acolla a modalidade de avaliación continua debe ter unha asistencia do 80% tanto en Gran Grupo como en Grupos Medianos. A avaliación continua segue os criterios da guía docente (ver na Web da Facultade o calendario de

exámenes).

Para superar a parte teórica hai que obter como mínimo 2 puntos. Para superar a parte práctica da materia hai que obter como mínimo 3 puntos. Para aprobar a materia é obrigatorio ter aprobadas tanto a parte teórica (examen) como a parte práctica (traballos).

AVALIACIÓN GLOBAL

O alumnado que no cumpra o criterio da asistencia (80%) ten que ir a avaliación global seguindo os seguintes criterios:

Para superar a parte teórica da materia ten que realizar dúas probas obrigatoriamente no mesmo día:

1. Exame proba obxectiva tipo test: Ata 4 puntos, debendo o/a alumno/a conseguir un mínimo de 2

puntos para superar esta proba (a nota total supón o 40% da cualificación da materia). Cada dúas preguntas

fallidas no exame, restará unha correcta, tamén podran incluírse preguntas abertas. Contidos de exame: temas todos os bloques da materia.

2. Exame oral: Ata 2 puntos, debendo o/a alumno/a conseguir un mínimo de 1 punto para superar esta

proba (a nota total supón 20% da cualificación da materia). Contidos de exame oral: temas todos os bloques da materia.

Para superar a parte práctica da materia:

1. Traballo: ata 4 puntos pola realización dun traballo audiovisual de duración no superior a 15 minutos referido a unha temática relacionada co temario teórico-práctico da materia centrado no análise de 4 artigos de revistas científicas publicados entre 2022-2023-2024, ou 1 libro, ou de informes, ou material audiovisual sendo a nota mínima para aprobar a actividade 2 puntos (a nota total supón o 40% da cualificación do alumno/a).

Os traballos deberan entregarse o día do exame na plataforma Moovi da materia.

As partes da materia superadas na 1ª oportunidade, non serán obxecto de avaliación na 2ª, considerándose, polo tanto, como aprobadas nese curso académico.

As datas oficiais dos exames e de revisións poden consultarse na web da Facultade de Educación e Traballo Social.

En coherencia co carácter inclusivo que caracteriza a Facultade de Educación e Traballo social, esta guía poderá ser adaptada para atender ás necesidades específicas de apoio educativo que presente o alumnado adscrito ao programa PIUNE (PAT).

Bibliografía. Fontes de información

Basic Bibliography

Altable, Rosario,, **Penélope o las trampas del amor**, Mare Nostrum,, 1992

Blanco, Nieves (coord.), **Educación en femenino y masculino**, Akal, 2001

Bourdieu, Pierre, **La dominación masculina**, Anagrama, 2000

Jiménez, Carmen, Pérez, Gloria, **Educación y género. El conocimiento invisible**, Tirant lo Blanch, 2008

Rodríguez, Carmen (comp.),, **La ausencia de las mujeres en los contenidos escolares.**, Niño y Dávila,

Simón Rodríguez , María Elena, **La igualdad también se aprende: cuestión de coeducación.**, Narcea,, 2010.

Subirats, Marina y Brullet, Cristina,, **Rosa y azul: la transmisión de los géneros en la escuela mixta.**, Instituto de la Mujer,, 1998

VV.AA., **La cultura de género en las organizaciones escolares**, Octaedro, 2005

Kate Millet, **Política sexual**, Cátedra, 2010

Simone de Beauvoir, **El segundo sexo**, Cátedra, 2017

Luce Irigaray, **Yo, Tu, Nosotros**, Cátedra, 1992

Kiama Chimamanda, **Todos deberíamos ser feministas**, Literatura Random House, 2019

Kiama Chimamanda, **Querida ijeawele. Cómo educar en el feminismo**, Literatura Random House, 2021

Ana de Miguel, **Ética para Celia**, SA Ediciones B, 2021

Tania Merelas Iglesias, Noelia Darriba García, Natalia Dominguez Galán, Maite Sio Docampo, Isabel Ta, **Sobre educación social y feminismo(s): el caso de Fiadeiras**, Nº 21, Revista de educación social, 2015

Bas Peña, E; Perez de Guzmán Puya, María Victoria, **La formación y la intervención de los educadores/as sociales en cuestiones de género**, Educació social. Revista d`Intervenció socioeducti, 2016

Ekis Ekman, **Sobre la Existencia del Sexo**, Feminismos, 2021

Miquel Misse, **A la conquista del cuerpo equivocado**, Egales Editorial, 2018

Alicia Mirayes, **Distopias Patriarcales**, Feminismos. Catedra, 2021

Alicia Mirayes, **Delirio y Misoginia Trans**, Los libros de la Catarata, 2022

Rosa María Magda, **La mujer Molesta**, Trincheras, 2019

Lameiras, M., Rodríguez, Y. y Martínez, R., **el cuerpo del delito: la cosificación sexual de las mujeres**, Tirant Humanidades, 2022

Amelia Valcarcel, **Ahora, Feminismo: Cuestiones candentes y frentes abiertos**, Cátedra, 2019

Complementary Bibliography

Herranz, Yolanda, **Igualdad bajo sospecha**, Narcea, 2006

Lomas , Carlos, **Los chicos también lloran: identidades masculinas, igualdad entre los sexos y coeducación**, Paidós, 2004

Amelia Valcarcel, **La civilización feminista**, La esfera de los libros, 2023

Recomendacións

Subjects that continue the syllabus

Habilidades sociais en educación social/O05G130V01404

Mediación en conflitos e situacións de violencia/O05G130V01502

Sexualidade e saúde/O05G130V01912

Other comments

Esta materia enmárcase nunha Facultade comprometida coa sustentabilidade da contorna e das persoas. Atendendo a esta filosofía, esta materia promoverá prácticas educativas en base a materiais de baixo impacto ambiental en coherencia cos principios de sustentabilidade (ODS).

IDENTIFYING DATA**Educación de persoas adultas**

Subject	Educación de persoas adultas			
Code	O05G130V01401			
Study programme	Grao en Educación Social			
Descriptors	ECTS Credits	Choose	Year	Quadmester
	6	Mandatory	2	2c
Teaching language	Galego			
Department				
Coordinator	Seoane Pérez, Emilia			
Lecturers	Seoane Pérez, Emilia			
E-mail	emiliasp@uvigo.es			
Web	http://educacion-ou.webs.uvigo.es/educacion-ou/web/			
General description	<p>A Educación de Persoas Adultas, recoñecida como un campo da Educación Social, de cara a proporcionar unha formación científica e experiencial nos seus estudos universitarios, ven avalado por unha longa traxectoria que comeza a súa andaina no Real Decreto 1420/1991 (RD 1420/1991, BOE 10-10-1991), momento no que a Educación Social acada o seu estatus universitario.</p> <p>No Plan de Estudos da Universidade de Vigo, para o título de Grao en Educación Social, a materia de Educación de Persoas Adultas, ten carácter obrigatorio, impártese no 2º cuadrimestre do 2º curso cunha carga lectiva de 6 créditos ECTS.</p> <p>Esta materia, ten por obxecto o estudo e a análise histórico, conceptual, metodolóxico e legal da Educación de Persoas Adultas, coa finalidade de que o estudantado coñeza, comprenda e utilice correctamente os termos relacionados coa Educación de persoas adultas; comprenda os diferentes modelos de Educación de persoas adultas así como que coñeza e identifique os ámbitos de actuación da educación de persoas adultas, analizando e comprendendo a súa relación cos seus antecedentes históricos, as situacións presentes e as necesidades emerxentes tendo en conta os diferentes cambios educativos, económicos, laborais, culturais, sociais, ecolóxico-ambientais e políticos.</p>			

Resultados de Formación e Aprendizaxe

Code

- A1 Que os estudantes demostren posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral e adoita atoparse a un nivel que, malia se apoiar en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo.
- A2 Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ó seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.
- A3 Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.
- A4 Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solución a un público tanto especializado coma non especializado.
- A5 Que os estudantes desenvolvan aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía.
- B1 Transmitir, promover e desenvolver a cultura
- B2 Xerar redes sociais, contextos, procesos e recursos educativos e sociais
- B3 Intervir como mediador social, cultural e educativo
- B4 Coñecer, analizar e investigar os contextos sociais e educativos
- B5 Diseñar, implementar e avaliar programas e proxectos socioeducativos
- B6 Xestionar, dirixir, coordinar e organizar institucións e recursos socioeducativos
- C1 Integrar criticamente os supostos teóricos, filosóficos, históricos, sociolóxicos, psicolóxicos, pedagóxicos, culturais, políticos, legislativos que están na base dos procesos de intervención socioeducativa
- C2 Estar capacitado/a para o diagnóstico e a mediación na prevención e resolución de conflitos en condicións de desigualdade e crises en comunidades socioeducativas
- C4 Analizar e diagnosticar a realidade complexa que fundamenta o desenvolvemento dos procesos socioeducativos
